

HAMADA

Eloy Domínguez Serén, 2018

559

ESTREA EN NUMAX: 12.07.2019 | V.O.S.G.

Hamada (2018, 89')

Dirección: Eloy Domínguez Serén

Guión: Eloy Domínguez Serén

Participación: Sidahmed Salec Labeid, Ainina Sihamed Mohamed, Zaara Mohamed Saleh, Taher Mulay Zain

Son: Johannes Dekko, Thomas Jaeger, Ted Krotkiewski

Montaxe: Eloy Domínguez Serén, Ana Pfaff

Música: Kjetil Chander Luhr

Fotografía: Eloy Domínguez Serén

Produtora: Fuglene AS, Majade filmproduktion, Momento Film (Suecia-Noruega-Alemaña)

Distribuidora: Elamedia

Formato de proxección: DCP2K, 1.85:1

Idioma orixinal: Árabe

PREMIOS E FESTIVAIS

Xixón 2018 (Mellor Dirección e Filme Español), Cinéma du Réel 2019 (Mellor Ópera Prima e Público Mozo), Porto PostDoc 2019 (Mellor Director Emerxente)

FILMOGRAFÍA

Rust, 2015 [curtametraxe]

No Cow on the Ice, 2015

Yellow Brick Road, 2015 [curtametraxe]

I den nya himlen, 2014 [curtametraxe]

Pettring, 2013 [curtametraxe]

SINOPSE

Con vitalidade e humor *Hamada* traza un retrato insólito dun grupo de mozos amigos que vive nun campamento de refuxiados en medio do pedregoso deserto do Sáhara. Xuntos usan o poder da creatividade e a diversión para denunciaren a realidade que os rodea e expandirse alén dos límites do campamento.

«O filme combina paciencia, unha mirada sensíbel cunha miga de humor excéntrico e o resultado é unha película de aparencia pequena que tardará moito en caer no esquecemento»

Neil Young, THE HOLLYWOOD REPORTER



“Sempre había algo máis urxente que gravar, como reconstruír as casas derrubadas”

Entrevista con Eloy Domínguez Serén
Por Carlota Mosegui

Como xorde *Hamada*? O conflito do Sahara Occidental interésame desde adolescente. Recordo que a miña profesora de historia explicou o tema por enriba, pero quedou cravado na miña memoria. A información que recibín no instituto foi sesgada e maquillada. Aos poucos funme informando da orixe, das súas consecuencias, da responsabilidade española e da situación dos milleiros de persoas desprazadas a campos de refuxiados en Alxeria. En 2014, cando vivía en Suecia, púxenme en contacto coa ONG CEAS, que me permitiu visitar os campamentos. Traballando de profesor voluntario durante dous meses desenvolvín unha relación íntima e fermosa cos meus veciños e veciñas, baseada na confianza, o respecto e os intereses mutuos. Fun regresando até pasar un total de sete meses no últimos catro anos.

Que te impulsaba a filmar un campo de refuxiados en pleno deserto de Alxeria? Cando cheguei como profesor non tiña intención de filmar. O meu labor era axudar aos mozos e mozas

saharauís a filmar as súas propias historias. Foi un traballo moi gratificante porque moitos non tocaban unha cámara antes. Era marabilloso comprobar como desenvolvían a súa linguaxe cinematográfica, sen as convencións audiovisuais que damos por feitas no mundo occidental. Máis adiante, comecei a filmar coches no meu tempo libre. Sobre todo, os fins de semana que non tiña traballo na escola e daba longos paseos cunha pequena cámara. Cativábanme aqueles coches antigos que xa non se ven nas nosas estradas: os vellos Land Rovers e Mercedes. Algunhas partes dos campamentos parecían museos de óxido e po ao aire libre. Cando regresei a Suecia e vin as gravacións pensei que tiña unha historia que contar. Na miña seguinte viaxe levei unha boa cámara e un equipo de son.

Por que decidiches contar a historia de Sidahmed, Zaara e Taher? Coma outros mozos do campamento de Boujdour, Sidahmed, Zaara e Taher estaban na miña escola. Tardeí en darme conta do seu rol protagonista. O proxecto comezou como un retrato da comunidade saharauí a través da súa relación cos coches. Era un retrato colectivo dunha comunidade pequena. Teño moitas horas de imaxes espléndidas doutros veciños saharauís que non forman parte da montaxe final. Tanto a montadora Ana Pfaff coma min comprendemos que as personalidades, as enerxías, os temperamentos e os puntos de vista de Zaara, Sidahmed e Taher poderían proporcionar unha perspectiva bastante representativa desa xeración de saharauís: como se enfrontan ao seu

día a día, frustrante e incerto, desde unha vitalidade e un sentido do humor admirábeis.

Hamada rexistra a vida cotiá desa xeración con momentos íntimos e cómicos. Son situacións de difícil acceso para unha cámara forasteira. Como conseguiches que se abrisen así? Foi unha cuestión de convivencia, respecto e confianza. Pasamos moitos meses xuntos. A película é unha pequena parte dun proceso vital máis amplo. Un día axudabamos a un veciño na reconstrución da súa casa, outro día improvisabamos chapuzas como electricistas ou axudabamos repartindo medicamentos... Eramos veciños, compañeiros de traballo e confidentes. Esa confianza reflíctese en *Hamada* dun modo ou outro.

Fálanos da rodaxe. Filmábalos acotío? A dinámica era a mesma. Cando non tiñamos obrigas, sempre lles preguntaba se lles apetecía gravar e, en caso afirmativo, eles decidían que querían filmar. Propuñan as situacións e improvisaban os diálogos. Esta metodoloxía de traballo foi esencial ao tipo de proxecto que quería facer. Unha vez máis, baseábase na confianza pasando tempo xuntos. A maioría do tempo non estabamos filmando. Sempre había algo máis urxente como reconstruír as casas derrubadas durante as choivas torrenciais.

Publicado en cineuropa.org
Tradución: Olalla Cociña

NUMAX

NUMAX, S. Coop. Galega
Concepción Arenal, 9 baixo
15702 Santiago de Compostela
TELF 981 560 250 | www.numax.org



AMALIA XA TEN O SEU ABONO REDUCIDO

E ti, a que
agardas para
abonarte?



Se ti xa es de NUMAX
e queres compartilo,
fai unha foto co teu
abono e compártea.
#eusondenamax